

## AXUDAS ERTE

O XOVES 23 DE SETEMBRO A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PÚBLICA NO DOG A ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da **axuda extraordinaria para as persoas traballadoras afectadas por un expediente de regulación temporal de emprego como consecuencia da crise derivada da COVID-19** (código de procedemento TR820G).

Poderán **ser beneficiarias** destas axudas, nos termos recollidos na presente orde, as persoas que reúnan os seguinte requisitos:

- a) Persoas traballadoras por conta allea, incluídas as persoas traballadoras fixas discontinuas, ou socias traballadoras de sociedades laborais e de cooperativas de traballo asociado en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia que se viron afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego a consecuencia da COVID-19.
- b) Que se encontren incluídas nun ERTE no período temporal do 14 de marzo de 2020 ao 31 de xullo de 2021, ambos inclusive, polo menos 12 meses, aínda que sexa de maneira interrompida.
- c) Que o importe da totalidade dos rendementos declarados durante o período impositivo 2020 no imposto sobre a renda das persoas físicas non excedese 14.000 euros.

A contía da subvención consistirá nunha axuda **de 500 euros por persoa beneficiaria**, ata esgotar os fondos habilitados no orzamento previsto para este fin.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da presente orde. Ata o 23 de outubro de 2021.

Setembro 2021.